

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006553	IES Xoán Montes	Lugo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de 2º ESO da materia de Xeografía e Historia réxese polo DECRETO 156/2022 do 15 de setembro que establece o currículo de secundaria para Galicia. Ademais, tívose en conta a Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan INSTRUCIÓNS para o desenvolvemento das ensinanzas obrigatorias e bacharelato no curso académico 2022/2023. Outros referentes normativos para a realización desta programación son:

- Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación de educación secundaria obrigatoria de Galicia.
- Recomendación do Consello Europeo do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a programación seguirá as directrices fixadas no Proxecto Educativo de Centro e dende a materia colaborarase nos diferentes PLANS DE CENTRO e normativas que se están a desenvolver (Plan Dixital, Plan Lector, PAT, etc)

Xeografía e Historia é unha MATERIA OBRIGATORIA que se imparte en 2ºESO cunha asignación horaria de 3 SESIÓNS semanais.

Tendo en conta o Decreto 79/2010 para o plurilingüísmo do ensino non universitario en Galicia, esta materia impartirase en lingua galega. A NIVEL LINGÜÍSTICO é preciso notar que a maioría ten como lingua materna o castelán en detrimento do galego. Hai alumnado procedente de fóra da comunidade e que están exentos da materia de galego, ao que se lle adaptará o material, cando sexa necesario, para facilitar a comprensión dos mesmos. Este curso tamén contamos cunha alumna procedente de Gana que pode comunicarse soamente en inglés e que estará nun programa de adquisición de linguas para o que se realizará material adaptado.

Esta programación está deseñada para tres grupos nos que se distribúen un total de 59 DISCENTES que se atopan con idades comprendidas entre os 12 e os 15 anos. A materia adáptase ao nivel de desenvolvemento do alumnado, que se atopa nun estadio de operacións formais que lle permiten adentrarse en certo razonamento abstracto e en distintas formas de aprendizaxe. Non debemos esquecer que esta materia impártese nun nivel de ensino obrigatorio que debe contribuír dun xeito importante á formación cultural básica do alumnado.

A Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana, implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico. Nesta liña, os OBXECTIVOS de 2ºESO van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

O currículo de Xeografía e Historia de 2ºESO procura un reparto equilibrado entre a Xeografía e Historia. Decidiuse, neste curso, abordar primeiramente os aspectos relacionados co estudo da Historia e posteriormente os referidos á Xeografía.

Dende o punto de vista XEOGRÁFICO secuenciase dende o xeral e global ao particular e dende a identificación e localización a realización de tarefas máis elaboradas en relación coa xeografía socioeconómica no mundo, Europa, España, Galicia; abordando tamén o estudo dos problemas medioambientais actuais como o desafío demográfico, o complexo proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre homes e mulleres desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais, cun enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. A paisaxe, como ente complexo, sociocultural e fenomenolóxico, será a liña transversal que unirá devanditos contidos.

Dende o punto de vista HISTÓRICO, temporalmente abrangue o estudo do período comprendido na Idade Media e Moderna que, aínda que é unha etapa máis curta que a do anterior curso, relata máis de 1200 anos do noso legado. Os contidos e criterios de avaliación concíbense desde unha perspectiva estrutural e coxuntural, é dicir, abordan o

esencial de ambas etapas prescindindo de datos concretos ou descrições pormenorizadas para profundar nas estruturas histórico-culturais herdadas ou renovadas, as súas consecuencias políticas e socioeconómicas. Polo tanto, tamén se abordará a distinta concreción circunstancial no tempo dado, no marco mundial e especialmente no europeo, onde deberemos salientar os procesos históricos acaecidos nos distintos estados peninsulares ibéricos, e en particular en Galicia. Terán relevancia, de novo, os contidos e obras artísticas de cada período, centrándose en exemplificacións do ámbito peninsular e galego.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "RETOS DO MUNDO ACTUAL" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "SOCIEDADE E TERRITORIO" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "COMPROMISO CÍVICO, LOCAL E GLOBAL" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel. En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

O IES Xoán Montes está situado no concello de LUGO, na zona central da provincia homónima. Trátase dun centro situado no medio urbano nun concello cunha poboación de 97.613 (IGE, 2021). É o terceiro municipio máis extenso de Galicia e está dividido en 54 parroquias. O centro está situado no casco histórico, sendo o único instituto intramuros da cidade. A CONTORNA inmediata aporta numerosos recursos aproveitables a nivel didáctico, dende o punto de vista xeográfico e especialmente histórico e patrimonial.

O instituto conta na actualidade con uns 360 alumnos e alumnas neste curso entre a ESO e BAC e 42 docentes. Unha elevada porcentaxe de ALUMNADO estranxeiro superior ao 20%, pertencentes a 17 nacionalidades diferentes. Respecto á situación socioeconómica e cultural do alumnado, podemos indicar que sitúase nun rango medio-baixo tanto no tocante a parámetros socioeconómicos como culturais. A actividade económica maioritaria adícase ao sector servizos. Aínda que o modelo FAMILIAR predominante é no que o alumnado convive cos dous proxenitores, é crecente o número de alumnado que vive cun único membro da familia.

A maioría do alumnado procede dos barrios próximos polo que o alumnado continúa a relación social tamén fóra do centro, ben é certo que algún alumno/a de neste caso de 2ºESO reside fóra do concello.

O edificio do CENTRO EDUCATIVO é un referente arquitectónico do estilo racionalista a nivel galego, deseñado por Eloy Maquieira proxectado en 1935. Na peculiar planta triangular ubícanse todas as dependencias do centro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O estudo da Historia		10	9	X		
2	A alta Idade Media. Arte islámica		10	12	X		
3	A Europa feudal. A Península Ibérica na Idade Media. O románico		12	12	X		
4	Crise feudal e Baixa Idade Media. Arte gótica		10	12		X	
5	A monarquía Hispánica. Reforma e Renacemento		12	12		X	
6	O século do Barroco		12	12		X	
7	Os desafíos demográficos		12	12			X
8	Un mundo de cidades		12	12			X
9	Desigualdade e cooperación		10	12			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	O estudo da Historia	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Localiza e analiza de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	TI	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Utiliza unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A alta Idade Media. Arte islámica	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Logra diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.	TI	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A Europa feudal. A Península Ibérica na Idade Media. O románico	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Recoñece a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenciar entre fontes primarias e secundarias.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende os trazos básicos do sistema feudal e da súa organización social.	TI	100



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Identifica a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora un proxecto, oral ou escrito, no que sintetiza os elementos básicos do feudalismo.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Comprende a relevancia do imperio carolinxio como precedente da idea de Europa.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Entende as desigualdades propias da sociedade feudal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Crise feudal e Baixa Idade Media. Arte gótica	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Contrasta e argumenta sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	TI	100
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da cultura europea e islámica.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Asimila os aspectos elementais da arte románica e gótica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A monarquía Hispánica. Reforma e Renacemento	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Baixa Idade Media.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas históricos relacionados coa expansión comercial baixomedieval.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica e interpreta a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os cambios sociais da Baixa Idade Media e os enfrontamentos civís provocados polos mesmos.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Relaciona as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	TI	100
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza unha exposición, oral ou escrita, sobre a Peste Negra en Europa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende o ascenso da burguesía como novo grupo dentro da sociedade estamental.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Sinala os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O século do Barroco	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Coñecer as causas e consecuencias máis relevantes da Guerra dos 30 anos.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Contrasta e argumenta sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna),		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica as achegas esenciais da revolución científica moderna.	TI	100
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	É capaz de sinalar os trazos máis significativos da arte barroca europea, española e galega.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende as diferenzas básicas entre o absolutismo e o parlamentarismo no século XVII.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender a relevancia da aparición dos réximes parlamentarios na Europa do século XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Os desafíos demográficos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.	TI	100
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Relaciona as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade,		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Un mundo de cidades	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.	TI	100
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Desigualdade e cooperación	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica, valora e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión,		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.	TI	100
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión,		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Toma conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste nivel de educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimuen o interese do alumnado polos temas tratados na área. Por tanto, a metodoloxía empregada na materia será **ACTIVA E PARTICIPATIVA**, favorecendo un enfoque competencial que permita aplicar os coñecementos con eficacia a situacións reais e sexan transferibles no futuro nunha aprendizaxe permanente do alumnado.

Pola súa parte, o profesorado despreparará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Xeografía e Historia, incorporarán tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación os

conceptos máis complexos e a problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) coa participación constante do alumnado na CONSTRUCCIÓN dos coñecementos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentárase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan COMPRENDER O MUNDO NO QUE VIVEN, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo grazas á transferencia de aprendizaxes.

As áreas impartidas facilitan dar unha APLICACIÓN PRÁCTICA aos temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que o alumnado cocee, evitando que lles resulte afastado ou carente de interese. Seguindo unha aprendizaxe construtiva os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgunhas ocasións actividades de tipo máis procedemental, especialmente no comezo de curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do curso.

Potenciaranse as estratexias de busca e TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, tanto escrita (prensa, manuais, etc) como audiovisual (medios de comunicación, vídeos, etc) potenciando unha aprendizaxe significativa. Fomentárase o uso de técnicas propias da disciplina mediante o uso e contraste de fontes históricas, interpretación da información, argumentación histórica, relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade, perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.

En cada unidade comezarse sempre por explorar os COÑECEMENTOS PREVIOS sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula...para conectar coa experiencia propia e coa actualidade buscando a INTERRELACIÓN DO PASADO E O PRESENTE. A continuación darse a coñecer os obxectivos, as tarefas e os criterios de avaliación de cada unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento, de tal modo que cada unidade se sustenta no traballado anteriormente.

Tentárase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos estilos e RITMOS DE APRENDIZAXE dos rapaces e rapazas. É necesario permitirlle ao alumnado que afoque naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento do proceso.

Na AULA alternáranse os traballos e as actividades individuais cos desenvolvidos en distintos AGRUPAMENTOS: parellas, gran grupo e en equipo cooperativos. Favorecese o traballo autónomo, individual, colaborativo e cooperativo entre o alumnado na resolución das actividades de aprendizaxe propostas e nas cuestións RETO-DESAFÍO.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material informático
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Material funxible
Prensa

Utilizarase unha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto de Xeografía e Historia de 2ºESO é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado por docentes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará o curso da aula virtual a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas.

O alumnado pode utilizar o seu portfolio de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado.

A aula virtual utilízase como repositorio de contidos, actividades avaliábeis e libro de cualificacións dispoñible para o alumnado.

A gamificación e a introdución de elementos de xogo (insignias, puntos) buscará conseguir a motivación e interese do alumnado.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	12	10	12	12	12	12	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establececese o peso orientativo que se lle dá aos indicadores que se avalían con distintos instrumentos de avaliación empregados: proba escrita, tratamento de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates.

Desta maneira os criterios de cualificación para cada trimestre quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas 40%. Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. Nas probas escritas versarán sobre o desenvolvemento dun tema, resolución de exercicios, definición de vocabulario específico,

respostas a preguntas, elaboración de resumos, esquemas, realización de mapas de diversa índole, pequenos comentarios de texto dirixidos, etc.

- exercicios, actividades e tarefas 60%. Levarase a cabo a supervisión periódico de cadernos-portfolio e fichas de de traballo nos que o alumnado reflicte o seu traballo persoal. Procederase a unha observación e rexistro sistemático de actitude cara a materia e comportamento na aula. No tocante á cualificación das tarefas, traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica. As tarefas de aula inclúen a participación, a resolución de exercicios, etc. Os traballos tanto individuais como en equipos colaborativos serán traballos de investigación enmarcados na metodoloxía de ABP.

Tanto as probas escritas como os traballos deberán presentar unha expresión ortográfica, léxica e semántica, así como unha correcta presentación.

O alumnado superará a materia se ten aprobadas todas as avaliacións (incluíndo as recuperacións). A nota final ordinaria corresponderá coa media das notas das tres avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

O profesorado, en cada grupo que imparte, poderá realizar recuperación dunha proba illada se así o considera necesario.

En canto aos criterios de recuperación de avaliacións suspensas, determínase un 60% para as probas escritas e un 40% para as actividades de reforzo que deberá elaborar o alumnado. Estes traballos de reforzo serán titorizados polo docente para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e facer o seguimento do mesmo. A recuperación das probas escritas farase por trimestre e versarán sobre os mesmos contidos e os mesmos criterios de avaliación que nas probas ordinarias.

No caso de que o alumnado non conseguira recuperar algunha das avaliacións mediante este procedemento, o profesorado poderá facer, se o considera pertinente, unha nova proba escrita da avaliación suspensa antes da avaliación final. Se o alumnado ten cualificadas negativamente dúas avaliacións (ou tres), realizará unha proba global que incluírá toda a materia do curso en xuño na que deberase acadar unha puntuación mínima de 5 puntos. O alumnado deberá amosar un coñecemento mínimo de todas as avaliacións, xa que a proba referírase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso. O alumnado superará a materia se ten aprobadas todas as avaliacións.

No caso no que non obtivese un 5 ou nota superior, o alumnado deberá recuperar toda a materia, aínda que soamente unha das avaliacións estea suspensa.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Será necesario a realización de tarefas do cartafol e dúas probas de avaliación escritas.

- O alumnado deberá realizar un cartafol que se centrará nos saberes básicos e distintos tipos de actividades e traballos prácticos que contribuirán a acadar os obxectivos da materia e adquisición de competencias. Este cartafol servirá ao alumnado para reforzar a materia e para preparar, dese modo, as probas escritas. Se o alumno/a e a familia o prefire, este cartafol e a entrega de tarefas pode levarse a cabo na aula virtual.

- As probas escritas versarán sobre as actividades que foron traballadas no cartafol. Haberá unha proba de xeografía e outras de historia. Terán lugar despois dos períodos vacacionais para que o alumnado teña tempo suficiente para preparalas. Estas probas serán previsiblemente o 16 de xaneiro e o 16 de abril.

O alumnado será guiado regularmente polo docente do curso no que se atopa para facer un seguimento do seu traballo e resolver posibles dificultades tanto na realización do cartafol como da preparación das probas escritas.

No seguimento levaranse a cabo as modificacións e adaptacións necesarias para que o plan de reforzo sexa exitoso.

O alumnado será informado do proceso de avaliación. Dividirase o plan en tres partes que se avaliarán de maneira independente para medir o progreso do alumnado.

A valoración do cartafol supón o 50% da cualificación e as probas outro 50%. Para a superación da materia será preciso a superación das tres partes cunha nota de 5 puntos ou superior.

Sen prexuízo do indicado anteriormente, realizarase unha proba final a finais de curso para o alumnado que o precise por non ter superada a materia

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, o Departamento de Orientación elaborará a adaptación curricular do alumnado que a precise; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización mais idóneas

na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								
ET.2 - Educación ambiental							X	X
ET.3 - Educación para a igualdade			X				X	
ET.4 - Emprendemento								X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita		X	X	X	X			
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible							X	X
ET.7 - Educación para a paz		X	X					
ET.8 - Educación para o consumidor							X	X

	UD 9
ET.1 - Educación cívico-social	X
ET.2 - Educación ambiental	X
ET.3 - Educación para a igualdade	
ET.4 - Emprendemento	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X
ET.7 - Educación para a paz	
ET.8 - Educación para o consumidor	X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria	X	X	X
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	X

#### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

-Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.

-Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.

-Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

As actividades previstas para este curso 2023-2024 son:

#### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1. Actividade: VISITA A CATEDRAL DE SANTIAGO E MUSEO DO POBO GALEGO

2. Actividade: VISITA A CASTELO DE PAMBRE E MUSEO TERRA MELIDE

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

1. Actividade: PROGRAMA eTWINNING

2. Actividade: OBRADOIRO PROXECTO TERRA. COIDA DO TERRITORIO, COIDA DO TEU.

3. PROXECTA ESCOLA VERDE

No caso de que xurdira algunha actividade relevante para a materia (exposicións temporais, conferencias) tentarán levarse a cabo, sempre que o orzamento e condicións o permitan.

A participación nas actividades complementarias e obrigatorias é voluntaria. Porén, se un alumno/a mantén unha actitude negativa cara aos compañeiros/as, profesorado ou a materia, amosa apatía ou escaso interese polas actividades encomendadas polo profesorado, poderá ser penalizado/a polo Departamento coa perda de asistencia ás actividades extraescolares e complementarias.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados



Metodoloxía empregada
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
As actividades foron variadas e motivadoras
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización foi adecuada
Medidas de atención á diversidade
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Clima de traballo na aula
Resolve dúbidas
Outros
Ofrece oportunidades de recuperación
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia

**Descrición:**

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente será avaliado polo alumnado e polo profesorado.

Ao rematar a avaliación o alumnado realizará un cuestionario dixital anónimo sobre o grao de consecución dos indicadores de logro marcados. O cuestionario constará ademais con de preguntas abertas para a recollida de propostas de mellora á práctica docente.

O profesorado levará a cabo unha autoavaliación mediante unha rúbrica de 4 niveis para valorar o grao de consecucións dos distintos indicadores.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que imparten as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais.
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## 9. Outros apartados